



**INSTRUCCIÓN DO 19 DE XUÑO DE 2008, DA SECRETARÍA XERAL DA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA,
SOBRE FUNCIONAMENTO NO CURSO ESCOLAR 2008/2009. DOS
COMEDORES ESCOLARES REGULADOS NO ARTIGO 2.1.a) DO DECRETO
10/2007, DO 25 DE XANEIRO.**

A regulamentación actual do funcionamento dos comedores escolares en Galicia recóllese no Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro (DOG 6/2/2007) e na Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG do 5/3/2007), modificada recentemente pola Orde de 13 de xuño de 2008.

A referida normativa contempla o comedor escolar como un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa. Así, os comedores escolares, ademais de cumpriren unha función básica de alimentación e nutrición, están integrados na vida e organización dos centros educativos de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral anual do centro educativo.

O artigo 2.1 a) do Decreto 10/2007 regula, como unha das modalidades de prestación do servizo de comedor a xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo o artigo 17 da Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG do 5/3/2007), a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fará públicas as instrucións de organización e funcionamento do servizo de comedor para o curso escolar seguinte nos centros de educación infantil (segundo ciclo), primaria e secundaria.



Polo exposto, esta Secretaría Xeral dita as seguintes instrucións:

1. Ámbito de aplicación no curso escolar 2008-2009.

A presente Instrución ten por obxecto establecer as liñas xerais de funcionamento, durante o curso escolar 2008-2009, dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos niveis de ensino obrigatorio e segundo ciclo de educación infantil, na modalidade de prestación establecida no artigo 2.1 a) do Decreto 10/2007 e da Orde do 21 de febreiro de 2007, modificada pola Orde de 13 de xuño de 2008.

2. Complemento por servizos extraordinarios no curso escolar 2008-2009.

Segundo o disposto no Acordo do Consello da Xunta de data 27 de marzo de 2008, o importe do complemento por servizos extraordinarios vinculado ao desenvolvemento da labor de xestión do comedor escolar, que percibirá o/a director/a do centro escolar e o/a encargado/a do comedor escolar será de 12,18 euros por día de prestación efectiva do servizo.

Os importes resultantes serán abonados, con cargo aos créditos orzamentarios relativos ao funcionamento dos comedores escolares, mediante tres pagos que comprenderán os períodos correspondentes aos meses de setembro a decembro, xaneiro a marzo e abril a xuño, do respectivo curso escolar.

Anualmente, o citado importe experimentará igual incremento que o que experimenten orzamentariamente, con carácter xeral, as retribucións dos empregados públicos.



3. Complemento por servizos extraordinarios ao persoal de atención e apoio ao alumnado usuario de comedor no curso escolar 2008-2009.

Segundo o disposto no Acordo do Consello da Xunta de data 27 de marzo de 2008, o importe do complemento por servizos extraordinarios que percibirá o persoal colaborador de apoio e atención aos usuarios do comedor escolar será de 9,18 euros por día de asistencia ao mesmo.

Os importes resultantes serán abonados, con cargo aos créditos orzamentarios relativos ao funcionamento dos comedores escolares, mediante tres pagos que comprenderán os períodos correspondentes aos meses de setembro a decembro, xaneiro a marzo e abril a xuño, do respectivo curso escolar.

Anualmente, o citado importe experimentará igual incremento que o que experimenten orzamentariamente, con carácter xeral, as retribucións dos empregados públicos.

4. Abono pola utilización do servizo de comedor escolar no curso escolar 2008-2009.

O alumnado e demais usuarios que utilice o servizo de comedor escolar abonará unha cantidade de 2,60 euros por cada día de utilización do mesmo, sen prexuízo do disposto nos puntos 5, 6 e 7 da presente instrución.

O ingreso efectuarase na conta corrente específica do servizo de comedor. O abono efectuarase mensualmente.



5. Establecemento do importe das axudas ou bolsas para o financiamento do servizo de comedor durante o curso escolar 2008-2009.

O importe/día establecido como axuda ou bolsa de comedor para o financiamento do servizo de comedor escolar por usuario beneficiario do dereito á gratuidade do servizo de comedor será, en función da clasificación actual dos comedores, o seguinte:

Tipo de comedor	E.Infantil/Primaria	E.Secundaria
A	1,95 €	2,25 €
B	1,92 €	2,22 €
C	1,88 €	2,19 €
D	1,84 €	2,13 €
E	1,80 €	2,08 €
Escola Fogar	6,50 €	6,50 €

Nos centros en que, existindo ensinanzas de hostalaría e/ou similares, que requiran a realización de prácticas de cociña, e funcione á vez o servizo de comedor escolar, a cantidade para cubrir o custo diario do cuberto con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 será de 3,50 euros, independentemente da categoría do comedor.



6. Usuarios beneficiarios do dereito á gratuidade do servizo de comedor escolar.

Segundo o disposto no artigo 14 da Orde de 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola Orde de 13 de xuño de 2008, serán beneficiarios da totalidade do importe establecido como axuda ou bolsa de comedor:

a).- O alumnado escolarizado no centro docente nos niveis de ensino obrigatorio e segundo ciclo de educación infantil que sexa usuario do transporte escolar, salvo que tiveran servizo de transporte escolar ao mediodía.

b).- O alumnado en situación socioeconómica moi desfavorable ou pertencente a colectivos sociais ou étnicos con dificultades de integración que demanden accións de especial protección. A acreditación realizarase mediante informe do servizo de asistencia social do concello respectivo.

c).- O persoal docente ou non docente e as nais e pais que realicen as funcións de atención ao comedor escolar, nos termos previstos na propia Orde.

Non obstante, cando se dea o suposto recollido no parágrafo segundo do artigo 8.2º da Orde de 21 de febreiro de 2007, o período de disfrute limitarase ao coincidente co desenvolvemento do labor de atención de usuarios [é dicir cando están establecidas quendas nas que participan varias persoas só se disfruta de gratuidade do servizo os días nas que se desenvolve o labor].

d) .- Os alumnos pertencentes a unidades familiares que acrediten unha renda anual da mesma, atendendo ao número de membros que a integran, que non sexa superior ao número de veces do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), que se sinala seguidamente:



Número de membros da unidade familiar	Renda neta anual	Gratuidade do servizo
Ata 3 membros	Non superior a 3,5 veces o IPREM [*]	100 %
4 membros	Non superior a 4 veces o IPREM [*]	100%

e) .- Alumnos pertencentes a unidades familiares que teñan recoñecida a condición de familias numerosas de categoría especial, consonte ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas.

Todo aquel alumnado, que non se atope incluído nos parágrafos anteriores, deberá abonar o servizo nos termos regulados na presente instrución.

[*] Para consultar os importes que corresponden ao IPREM ver páxina 9.

Non se consigna un maior número de membros da unidade familiar toda vez a lei considera familia numerosa a integrada por un ou dous ascendentes con tres ou máis fillos, sexan ou non comúns.

7. Usuarios beneficiarios da redución do 50 % da tarifa do servizo de comedor escolar.

Segundo o disposto no artigo 14 da Orde de 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola Orde de 13 de xuño de 2008, o alumnado que reúna os requisitos que se sinalan seguidamente será beneficiario dunha redución do 50 % do prezo sinalado no apartado quinto da presente instrución:



a).- O alumnado pertencente a unidades familiares que teñan recoñecida a condición de familias numerosas de categoría xeral, consonte ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas: neste suposto abonarán unha cantidade de 1,30 euros por cada día de utilización do servizo.

b).- O alumnado pertencente a unidades familiares que acrediten unha renda anual da mesma, atendendo ao número de membros que a integran, que non sexa superior ao número de veces do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), que se sinala seguidamente:

Número de membros da unidade familiar	Renda neta anual	Cantidade a abonar polo usuario
Ata 3 membros	Superior a 3,5 veces e non superior a 5 veces o IPREM [*]	1,30 €/día utilización do servizo
4 membros	Superior a 4 veces e non superior a 5,5 veces o IPREM [*]	1,30 €/día utilización do servizo

Para unidades familiares de máis de catro (4) membros engadirase ao importe resultante dos umbrais sinalados no apartado 1º do artigo 14.4 da Orde de 21 de febreiro de 2007, modificada pola Orde de 13 de xuño de 2008, tanto no tramo inferior como superior, 3.056€ por cada novo membro.

8. Documentación a aportar polo alumnado solicitante da gratuidade do servizo de comedor escolar.

- O alumnado solicitante da gratuidade do servizo de comedor escolar por estar en situación socioeconómica desfavorable acreditarao mediante informe do/a traballador/a social do concello correspondente.

[*] Para consultar os importes que corresponden ao IPREM ver páxina 9.



- O alumnado solicitante da gratuidade do servizo de comedor escolar por cumprir o requisito de familia numerosa de carácter especial acreditarao mediante a presentación do título oficial de recoñecemento de familia numerosa regulado nos artigos 5, 6 e 7 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas.

- O alumnado solicitante da gratuidade do servizo de comedor escolar por cumprir o requisito da renda económica deberá acreditalo mediante a presentación da copia da declaración da renda ou certificado de ingresos da unidade familiar [Este último certificado expídese nas delegacións da AEAT e acredita que a persoa non ten obriga de presentar á declaración da renda a efectos do IRPF, por razón do nivel dos seus ingresos].

9. Documentación a aportar polo alumnado solicitante da redución do prezo do servizo de comedor escolar.

- O alumnado solicitante da redución da tarifa do servizo de comedor escolar por cumprir o requisito de familia numerosa de carácter xeneral acreditarao mediante a presentación do título oficial de recoñecemento de familia numerosa regulado nos artigos 5, 6 e 7 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas.

- O alumnado solicitante da redución da tarifa do servizo de comedor escolar por cumprir o requisito da renda económica deberá acreditalo mediante a presentación da copia da declaración da renda, ou certificado de ingresos da unidade familiar [Este último certificado expídese nas delegacións da AEAT e acredita que a persoa non ten obriga de presentar á declaración da renda a efectos do IRPF, por razón do nivel dos seus ingresos].

.



10. Concepto de renda neta anual familiar.

A renda neta anual da unidade familiar será o resultado de sumar a base liquidable xeral, consignada na **casilla 618** da declaración formulada aos efectos do Imposto da renda das Persoas Físicas do exercicio de 2007, por cada un dos integrantes da unidade familiar ou por esta nos casos de declaración conxunta.

11. Determinación do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para o curso escolar 2008-2009.

En atención ao establecido na Disposición adicional trixésima quinta da Lei 51/2007, do 26 de decembro (B.O.E nº 310, do 27 de decembro), de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, modificada por Real Decreto Lei 1/2008, do 18 de xaneiro (BOE nº 17, do 19 de xaneiro) o umbral de renda que se terá en conta para o outorgamento do dereito ao uso gratuíto do servizo ou do dereito á redución da tarifa do mesmo será o seguinte:

Gratuidade do servizo de comedor

Número de membros	IPREM	Renda familiar máxima
3 membros	Non superior ao 3,5	21.709,80 euros
4 membros	Non superior ao 4	24. 811,20 euros



Dereito á redución do 50 % do prezo do servizo

Número de membros	IPREM	Renda familiar mínima	Renda familiar máxima
3 membros	Superior ao 3,5 e non superior ao 5	21.709,80 euros	31.014,00 euros
4 membros	Superior ao 4 e non superior ao 5,5.	24.811,20 euros	34.115,40 euros

Para unidades familiares de máis de catro (4) membros engadirase ao importe resultante dos umbrais sinalados no apartado 1º do artigo 14.4 da Orde de 21 de febreiro de 2007, modificada pola Orde de 13 de xuño de 2008, tanto no tramo inferior como superior, 3.056€ por cada novo membro.

12. Centros con servizo de transporte escolar

A admisión de novo alumnado ao comedor escolar non suporá modificación automática da situación do alumno no que respecta ao seu disfrute do servizo de transporte escolar, que só se producirá se concorren os requisitos establecidos na normativa específica.

13. Relación nominal de usuarios do servizo de comedor e número de comensais

A dirección do centro elaborará a relación nominal de alumnos, alumnas e demais usuarios do servizo de comedor, especificando aqueles que teñen dereito á gratuidade, total ou parcial, do servizo de comedor escolar e a remitirá á Delegación segundo modelo *Anexo I*, antes do 24 de setembro de 2008, actualizando a mesma cando se produzan cambios no número de usuarios.



O número de comensais máximo que poderán facer uso do comedor escolar non poderá exceder dos autorizados a 1 de xuño de 2008, nos comedores que viñeran funcionando en tal data.

Para os comedores de nova creación o número non excederá do que expresamente e mediante autorización escrita resolva a Administración Educativa.

14. Transporte escolar

As referencias que se conteñen nas normas reguladoras da organización e funcionamento dos comedores escolares ao servizo de “transporte escolar” entenderase sempre referido ao servizo prestado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no marco das normas reguladoras do mesmo e moi sinaladamente o Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG número 132, do 9 de xullo de 1986).

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2008

O SECRETARIO XERAL,

Benito Fernández Rodríguez



RELACIÓN DE USUARIOS DO SERVIZO DE COMEDOR
CURSO ESCOLAR 2008/2009

D/Dona: Director/a do C.P:
Nome do Centro:
Código: Localidade: Concello:.....
Dirección: Teléfono:.....

CERTIFICA

1º. Que os alumnos/as que se relacionan, escolarizados neste Centro, son usuarios do servizo de comedor escolar. A presente certificación realízase para os efectos previstos no Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro e na Orde do 21 de febreiro de 2007, modificada pola Orde de 13 de xuño de 2008

Apelidos e nome	Nivel Educativo	Gratuidade Total	Abono 1,30 €	Abono 2,60 €

13 de 14



2º. Que as seguintes persoas, non pertencentes ao alumnado do centro, son usuarias do servizo de comedor escolar coa condición que seguidamente se relaciona (Docente, non docente, persoal do Concello, membro da comunidade escolar ou educador/a)

Apelidos e nome	Condición	Gratuidade Total	Abono 1,30 €	Abono 2,60 €

.....de.....de 2008

Asdo: